

RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE MARZO POLA QUE SE CORRIXE O ERRO DETECTADO NA RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE FEBREIRO DE 2018 POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DE POESÍA, RELATO CURTO E TRADUCIÓN LITERARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Tras detectar un erro na Resolución reitoral do 19/02/2018 pola que se anuncia a convocatoria dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo, cómpre facer a oportuna corrección no sentido indicado a continuación:

1. Tal e como recolle a Resolución reitoral do 16 de novembro de 2005 en todas as convocatorias da Universidade de Vigo deberá facerse constar que «se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte» segundo o artigo 48 da lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.
2. Nas bases da convocatoria no punto 6, onde di:


«O prazo de admisión de orixinais pechará ás 14.00 horas do 30 de marzo de 2018».

Debe dicir:

« O prazo de admisión de orixinais pechará ás 14.00 horas do 30 de marzo de 2018. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte».

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no rexistro desta universidade.

Vigo, 21 de marzo de 2018

A secretaria do reitor
Carmen Estévez Caamaño